

# MARES

## DA FIN DO MUNDO



# VI MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA DOCUMENTAL

1 - 5 NOVEMBRO 2023  
CONCELLO DE OUTES

## PROGRAMA

ORGANIZADOR:



ASOCIACIÓN CULTURAL  
MARES DA FIN  
DO MUNDO

PATROCINADORES:



Deputación  
DA CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA



CONCELLO  
DE OUTES

*Outes!*

[www.maresdafindomundo.gal](http://www.maresdafindomundo.gal)

# ÍNDICE

<b>BENVIDA</b>	<b>3</b>
<b>GRELLA DE PROGRAMACIÓN</b>	<b>5</b>
<b>COMPETICIÓN OFICIAL</b>	<b>7</b>
ARALKUM	8
BLOOM	9
CONFINE LIQUIDO	10
DAUGHTER OF THE SEA	11
HAPPY LIFE	12
HAULOUT	13
L'EFFORT DES HOMMES	14
MISSION MICROBIOME	15
MMRRSSMM...XEOSÓNICA #1 ATLÁNTICO	16
PIBLOKTO	17
REQUIEM FOR A WHALE	18
RIACHEROS	19
SHIRAMPARI: HERENCIAS DEL RÍO	20
SQUID FLEET	21
TWILIGHT DREAM	22
<b>XURADO OFICIAL</b>	<b>23</b>
<b>PROXECCIONS ESPECIAIS</b>	<b>24</b>
MATRIA	25
A TASTE OF WHALE	26
THE WHALE FROM LORINO	27
PROXECTO FILMAR	28
ENTRE REDES	30
<b>ACTIVIDADES PARALELAS</b>	<b>31</b>
NAVEGACIÓN TRADICIONAL E INCLUSIVA	32
EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA	34
DIRECTO E GRAVACIÓN PROGRAMA DE RADIO	35
MESA PROXECTA	36
COLOQUIO	37
DEGUSTACIÓN GASTRONÓMICA	38
<b>ORGANIZACIÓN</b>	<b>39</b>

**BENVIDA**

Benvindos á **VI Mostra Internacional de Cinema Documental Mares da Fin do Mundo**. Esta edición é a primeira organizada pola Asociación Cultural Mares da Fin do Mundo, constituída en xaneiro de 2023 no Concello de Outes. Deste xeito, a Mostra emprende un camiño cara ao futuro, adecuándose aos modelos de organización imperantes nos festivais de cinema con maior relevancia, tanto en Galicia como no resto do estado.

Este ano, a convocatoria para a Competición Oficial acadou un novo récord de participación, con máis de dúas mil propostas chegadas de todos os recunchos do mundo. A selección das quince curtametraxes documentais que compiten polo Premio Mares da Fin do Mundo á Mellor Película foi unha tarefa dura pero moi gratificante. Novamente, veredes unha selección cinematográfica de gran calidade e moi comprometida coa misión da Mostra: a defensa da pesca artesanal sostible e do medio ambiente mariño.

A gran novidade desta edición é a liña temática que atravesa toda a programación, marcada pola relación que establecemos os seres humanos cos mamíferos mariños, especialmente a conexión histórica cos cetáceos nas nosas costas. A través das distintas seccións de proxeccións (Proa, Popa, Competición Oficial), e tamén da nova actividade paralela “Crónicas do mar”, propoñemos unha mirada crítica que promove a reflexión sobre a relación dos habitantes dos pobos costeiros con estes mamíferos.

Quixemos inaugurar esta edición cunha película galega de ficción moi ligada ao cinema da realidade, que gozou dun grande éxito tanto nos festivais de cinema como nas salas de exhibición. A VI Mostra MDFDM dedicará a súa sesión inaugural a **Matria**, do director Álvaro Gago, que ten raíces familiares no Concello de Outes. Teredes a oportunidade de gozar deste filme ambientado no territorio costeiro de Galicia, que pon o foco no día a día das mulleres do mar.

Así mesmo, o compromiso da Mostra co territorio reflíctese nunha proxección especial na que os máis coñecidos comunicadores da realidade da pesca na Ría de Muros e Noia serán os verdadeiros protagonistas: Mercedes Silva “Totakeki”, María Maceiras e Rogelio Santos Queiruga.

Agardamos contar coa vosa presenza nesta edición, en especial a dos habitantes do Concello de Outes, pero tamén a dos veciños de toda a comarca. Para os compoñentes do comprometido grupo de profesionais que organizan a VI Mostra MDFDM, esta é a mellor recompensa.

**Marcos Gallego Fernández**

*Director da Mostra Mares da Fin do Mundo*

# **GRELLA DE PROGRAMACIÓN**

# MARES

## DA FIN DO MUNDO



# VI MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA DOCUMENTAL

1-5 NOVEMBRO 2023  
CONCELLO DE OUTES

COMPETICIÓN OFICIAL ■  
PROXECCIONS ESPECIAIS ■  
ACTIVIDADES PARALELAS ■

	MÉR 1 NOV	XOV 2 NOV	VEN 3 NOV	SÁB 4 NOV	DOM 5 NOV
10:00			10:00 Mesa Proxecta <b>A sostibilidade nos festivais de cinema no rural</b> Con: Adela Lestón, Antonio Rodríguez, María Baqueiro e Arancha Estévez. Modera: Marcos Gallego.	10:00 Coloquio <b>Crónicas do Mar</b> Con: Francisco Xosé Fernández Naval "Chisco", Xosé Iglesias, Níels Einarsson e Paula Castiñeira Iglesias. Modera: Marcos Gallego.	10:00 Navegación tradicional e inclusiva <b>Joaquín Vieta, Terra de Outes e Adeco-Dea</b>
11:00					
12:00	12:00 Navegación tradicional e inclusiva <b>Joaquín Vieta, Terra de Outes e Adeco-Dea</b>	12:00 Gravación programa de radio <b>Mar de Ardora</b>	12:00 Navegación tradicional e inclusiva <b>Joaquín Vieta, Terra de Outes e Adeco-Dea</b>	EMCR Estaleiro de Ciprián (Se as condicións meteorolóxicas son desfavorables, trasladarase a actividade ao Náutico do Freixo)	12:00 Degustación gastronómica <b>Hostalaría Ría da Estrela e Azul de Portosín</b>
13:00					
14:00					
17:00					
18:00	17:00 <b>INAUGURACIÓN</b> Apertura da Mostra <b>Exposición fotográfica 2222: o ano da serpe</b> <b>Filme inaugural</b> <i>Matria</i>	18:00 <b>SESIÓN ESPECIAL</b> <i>Entre redes</i>	18:00 <b>COMPETICIÓN II</b> <i>Squid Fleet</i> <i>L'Effort des hommes</i> <i>Piblokto</i>	17:00 <b>COMPETICIÓN IV</b> <i>Shirampari</i> <i>Daughter of the Sea</i> <i>Haulout</i>	<b>POPA</b> 17:00 <b>POPA</b> <i>Programa FILMar</i>
19:00					
20:00	<b>PROA</b> 20:00 <b>PROA I</b> <i>A Taste of Whale</i>	20:00 <b>COMPETICIÓN I</b> <i>Twilight Dream</i> <i>Requiem for a Whale</i> <i>Confine líquido</i>	20:00 <b>COMPETICIÓN III</b> <i>Bloom</i> <i>Mission Microbiome</i> <i>Xeosónica #1</i>	19:00 <b>COMPETICIÓN V</b> <i>Riacheros</i> <i>Aralkum</i> <i>Happy Life</i>	19:00 <b>CLAUSURA</b> Entrega de premios
21:00				<b>PROA</b> 21:00 <b>PROA II</b> <i>The Whale from Lorino</i>	
22:00					

Náutico do Freixo

Casa da Cultura

# COMPETICIÓN OFICIAL



## COMPETICIÓN I

*Xoves 2, 20:00 h*

**Twilight Dream**, de Amanda Cots e Angel Suárez

**Requiem for a Whale**, de Ido Weisman

**Confine líquido**, de Andrea Scimone

## COMPETICIÓN II

*Venres 3, 18:00 h*

**Squid Fleet**, de Ed Ou e Will N. Miller

**L'Effort des hommes**, de Jean-Gabriel Périot

**Piblokto**, de Anastasia Shubina e Timofey Glinin

## COMPETICIÓN III

*Venres 3, 20:00 h*

**Bloom**, de Helena Girón e Samuel Delgado

**Mission microbiome**, de Giulia Grossmann

**Mmrrssmm...Xeosónica #1 Atlántico**, de Andrés Mahía

## COMPETICIÓN IV

*Sábado 4, 17:00 h*

**Shirampari: Herencias del río**, de Lucía Flórez

**Daughter of the Sea**, de Nicole Gormley e Nancy Kwon

**Haulout**, de Evgenia Arbugaeva e Maxim Arbugaev

## COMPETICIÓN V

*Sábado 4, 19:00 h*

**Riacheros**, de José Antonio Ortiz Sabido

**Aralkum**, de Daniel Asadi Faezi e Mila Zhluktenko

**Happy Life**, de Galina Leontieva

# ARALKUM

Daniel Asadi Faezi e Mila Zhluktenko



País: Alemaña / Uzbekistán

Ano: 2022

Duración: 13 min.

V.O.: karakalpak (subtítulos en galego)


## **Sinopse:**

Unha paisaxe desértica, como doutro planeta. Algúns restos de naufraxios solitarios e oxidados. Arredor crecen matogueiras que manteñen a area unida durante as desapiadadas tormentas. Aralkum, o deserto de Aral, é o leite mariño espido, o último que queda do mar de Aral. Entretecendo diferentes texturas cinematográficas, o filme reimaxina o desecado Mar de Aral, permitindo a un vello pescador navegar por última vez.



# BLOOM

Helena Girón e Samuel Delgado



País: España (Canarias / Galicia)  
Ano: 2023  
Duración: 18 min.  
V.O.: español (subtítulos en inglés)

## **Sinopse:**

San Borondón é unha illa mítica que aparece e desaparece. Ao longo da historia situouse nos mapas preto das Illas Canarias. Tras séculos de esquecemento, ao fin foi achada. A 4.500 metros baixo o océano Atlántico, o Tropic foi unha antiga illa emerxida fai 120 millóns de anos, cuxas imaxes e mostras chegan a nós grazas a un ROV somerxible. Os seus brazos robóticos son os que tocan e manipulan a súa codia, sempre baixo o vello desexo occidental de explorar territorios descoñecidos e cobizados.

# CONFINE LIQUIDO

Andrea Scimone



País: Italia

Ano: 2022

Duración: 31 min.

V.O.: italiano (subtítulos en galego)

## **Sinopse:**

Na beira siciliana do estreito de Mesina, o mar apodérase da vida dos homes. Michele, Antonio e Pippo esperan a corrente mariña adecuada, a estación adecuada. Unha espera milenaria que os encadea ao corpo líquido no que navegan as súas vidas.

**COMPETICIÓN I** — Xoves 2, 20:00 h

# DAUGHTER OF THE SEA

Nicole Gormley e Nancy Kwon



País: Estados Unidos / Corea do Sur

Ano: 2023

Duración: 18 min.

V.O.: coreano (subtítulos en galego)

## **Sinopse:**

Jaeyoun Kim decide volver á illa de Jeju e unirse ás haenyeo, as famosas “mulleres do mar”. Durante séculos, estas mergulladoras e pescadoras –algunhas delas octoxenarias– somerxéronse a máis de 10 metros para recoller alimentos para as súas familias e aldeas. Seguindo os pasos da súa nai e a súa avoa, Jaeyoun aprende o que significa converterse nunha haenyeo.

**COMPETICIÓN IV** – *Sábado 4, 17:00 h*

# HAPPY LIFE

**Galina Leontieva**



País: Alemaña / Rusia

Ano: 2023

Duración: 39 min.

V.O.: ruso (subtítulos en galego)

## **Sinopse:**

Felix e Antonina son un matrimonio de pescadores de Carelia. A principios da década dos 2000, Felix sofre un accidente que lle impide camiñar. Antonina atopa a forza para apoiar ao seu marido e facerse cargo da casa. A película trata da devoción, o amor e unha vida difícil nun pobo illado.

# HAULOUT

Evgenia Arbugaeva e Maxim Arbugaev



País: Reino Unido / Rusia

Ano: 2022

Duración: 25 min.

V.O.: ruso (subtítulos en galego)

## **Sinopse:**

Nunha remota costa do Ártico siberiano, nunha cabana azoutada polo vento, un home solitario espera ser testemuña dunha antiga reunión. Con todo, o quecemento dos mares e o aumento das temperaturas provocan un cambio inesperado, e pronto se ve desbordado.

# L'EFFORT DES HOMMES

Jean-Gabriel Périot



País: Francia

Ano: 2022

Duración: 12 min.

V.O.: francés (subtítulos en galego)

## **Sinopse:**

A caza de baleas existe desde hai séculos. Parece o froito da violencia do home, que se destrúe a si mesmo destruindo a natureza. Acompañando ao auxe do capitalismo, a práctica sobrevive hoxe en día, reflectindo a eterna destrutividade dos humanos sobre a natureza e as criaturas incapaces de resistirse a eles.

# MISSION MICROBIOME

Giulia Grossmann



País: Francia

Ano: 2023

Duración: 19 min.

V.O.: inglés, francés (subtítulos en galego)

## **Sinopse:**

Embarcámonos nunha viaxe científica en compañía dun equipo internacional de investigadores dedicados ao estudo do plancto. Fronte ás costas de Senegal, a investigación entrelázase coa realidade das embarcacións de pescadores que intercambian provisións co buque científico, creando un contexto no que conviven a ciencia e a vida cotiá, entre a inmensidade das vistas marítimas e o fascinante mundo microscópico.

**COMPETICIÓN III** — Venres 3, 20:00 h

# MMRRSSMM...XEOSÓNICA

## #1 ATLÁNTICO

Andrés Mahía



País: España (Galicia)  
Ano: 2022  
Duración: 22 min.  
V.O.: galego (sen diálogos)

### **Sinopse:**


O mar non é só o hábitat de peixes, cetáceos, algas e outros seres vivos. É o modo de vida de moitos pobos e cidades, unha vía de comercio, un lugar de lecer, fonte de riqueza e tamén de traxedias. O Atlántico defínenos como galegos, pero tamén ten a súa identidade propia, e os seus sons. **MMRRSSMM...** é unha exploración dos ruídos do mar, dos que percibimos, dos que non e dos que non sabemos que percibimos. Unha aproximación ao son cunha mirada artística e un enfoque experimental.

**COMPETICIÓN III** — Venres 3, 20:00 h



# PIBLOKTO

Anastasia Shubina e Timofey Glinin



País: Rusia / Estados Unidos  
Ano: 2023  
Duración: 37 min.  
V.O.: ruso (subtítulos en galego)

## **Sinopse:**

Na costa do océano Ártico vive un pobo illado do mundo: os chukchi. A súa vida xira arredor da caza de morsas e baleas e da protección dos poboados fronte aos osos que chegan da tundra. Os animais mariños convértense na principal fonte de alimento, e as sobras utilízanse para alimentar aos raposos nunha granxa de peles, mentres os cemiterios humanos son obxectivo dos osos. Semella que todos os habitantes desta rexión están implicados no ciclo da comida e a morte.

**COMPETICIÓN II** — Venres 3, 18:00 h

# REQUIEM FOR A WHALE

Ido Weisman



País: Israel

Ano: 2022

Duración: 15 min.

V.O.: hebreo (subtítulos en galego)

## **Sinopse:**

Unha noite de tormenta a comezos de 2021, o corpo dunha balea apareceu na praia israelí de Nitzanim. Durante a documentación do encontro entre a xente e o cadáver, escoitamos as voces de varias testemuñas que estiveron presentes no insólito suceso. Das súas respostas emerxe unha experiencia colectiva sobre o diálogo entre a vida e a morte.

**COMPETICIÓN I** — Xoves 2, 20:00 h

# RIACHEROS

José Antonio Ortiz Sabido



País: España (Andalucía)

Ano: 2022

Duración: 10 min.

V.O.: español (subtítulos en galego)

## **Sinopse:**

No ano 2004, no estuario do río Guadalquivir, a Administración Pública traza unha liña sobre un mapa que divide as súas augas. Cara ao oeste, "augas marítimas", cara ao leste, "augas continentais"... Non existindo en Andalucía a figura legal do "pescador profesional de augas continentais", desde ese momento, centos de pescadores e mariscadores atópanse nun limbo legal, aínda que os produtos que capturan consómensse con alto valor local.

# SHIRAMPARI: Herencias del río

Lucía Flórez



País: España / Perú / Estados Unidos

Ano: 2022

Duración: 16 min.

V.O.: ashéninka (subtítulos en galego)

## **Sinopse:**

Nun dos lugares máis remotos da Amazonía peruana, un neno ashéninka debe superar os seus medos e atrapar un bagre xigante usando só un gancho para emprender a súa viaxe á idade adulta.

# SQUID FLEET

Ed Ou e Will N. Miller



País: Estados Unidos

Ano: 2023

Duración: 12 min.

V.O.: chinés (subtítulos en galego)

## **Sinopse:**

A pesca da lura en alta mar é unha das prácticas máis denunciadas polos grupos ecoloxistas de todo o mundo, e a explotación dos seus traballadores é denunciada reiteradamente polas organizacións de dereitos humanos. Esta película de gran forza visual tráenos imaxes cegadoras dun mundo único e terrible: o do barco pesqueiro, a miles de quilómetros da casa.

**COMPETICIÓN II** — Venres 3, 18:00 h

# TWILIGHT DREAM

Amanda Cots e Angel Suárez



País: España (Valencia)

Ano: 2022

Duración: 15 min.

V.O.: español (sen diálogos)

## **Sinopse:**

Cada madrugada, Ángel e Adel adéntranse no mar a bordo do “Dos Ángeles”. Rastrexan os fondos costeiros coa esperanza dunha boa pesca. As redes soben e baixan: lánzanse, recóllense, límpanse e repáranse con paciencia. Porén, os días en que o mar era xeneroso e os recursos abundantes quedan xa lonxe. Agora resulta difícil regresar a porto con carga na adega. E quedan cada vez menos compañeiros.

# XURADO OFICIAL



## SEVERIANO CASALDERREY

Músico, docente e programador. É Licenciado en Historia da Arte e Profesor Superior de Piano. Membro da Academia Galega do Audiovisual dende 2012, é autor de varias obras literarias sobre cinematografía, colabora en revistas especializadas en cine e destaca polo seu amplo currículo na programación de cinema en distintos festivais entre os que destacan FICBUEU, GFFF, Intersección, Cinema Miúdo ou Imaxinaria.



## ANA ESTÉVEZ

Museóloga e historiadora. É Licenciada en Xeografía e Historia, desenvolve a súa actividade profesional no Museo do Pobo Galego, onde é responsable da área de Educación e Acción Cultural. Dirixe, dende 2015, o festival de cinema que promove esta entidade, a Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (MICE). É vicepresidenta de Proxecta, Coordinadora Galega de Festivais de Cinema.



## ÁLVARO GAGO

Director de cinema e montador. Licenciado en Comunicación Audiovisual, estudou e traballou no mundo do teatro e do cinema en Estados Unidos, Reino Unido e España. Foi nomeado aos Goya con varias das súas obras e foi gañador, coa curtametraxe **Matria**, do Gran Premio do Xurado no Festival de Sundance e do Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe de Ficción no Festival de Cans.



# PROXECCIONS ESPECIAIS



## FILME INAUGURAL

Mércores 1, 17:00 h

**Matria**, de Álvaro Gago

## PROA Foco na relación entre os humanos e os mamíferos mariños

### PROA I

Mércores 1, 20:00 h

**A Taste of Whale**, de Vincent Kelner

### PROA II

Sábado 4, 21:00 h

**The Whale from Lorino**, de Maciej Cuske

## POPA

Domingo 5, 17:00 h

**Proxecto FILMar**, Cinemateca Portuguesa

*A almadraba atuneira*, de António Campos

*Tin Sardines*, de Leitão de Barros (probable)

*Pesca do bacalhau*, de Films Sanmael

*A indúustria baleeira*, de José César de Sá e António Antunes da Mata

*O naufrágio do 'Veronese'*, de Invicta Films

## SESIÓN ESPECIAL

Xoves 2, 18:00 h

**Entre redes**, de Vanessa Martínez



# MATRIA

Álvaro Gago



País: España (Galicia)

Ano: 2023

Duración: 99 min.

V.O.: galego (subtítulos en inglés)

## **Sinopse:**

Ramona vive na costa galega sumida nun contexto laboral e persoal tenso e precario. Entre múltiples traballos, tenta proporcionar un futuro mellor á súa filla Estrella. Cando esta semella preparada para tomar o seu propio camiño, Ramona dáse conta de que pode facer algo por si mesma.

# A TASTE OF WHALE

Vincent Kelner



País: Francia

Ano: 2022

Duración: 85 min.

V.O.: inglés, francés, feroés (subtítulos en galego)

**PROA** 

## **Sinopse:**

Cada ano, centos de caldeiróns son cazados nos fiordes das Illas Feroe no que se coñece como o "Grind", unha espectacular e sanguenta tradición. Os activistas internacionais queren acabar con isto, para que os mamíferos deixen de sufrir, pero os baleeiros feroeses denuncian a hipocrísia de quen come carne sen mirar o que ocorre nos matadoiros e nas industrias que contaminan o noso planeta.

# THE WHALE FROM LORINO

Maciej Cuske



País: Polonia  
Ano: 2019  
Duración: 59 min.  
V.O.: ruso (subtítulos en galego)

**PROA** 

## **Sinopse:**

Chukotka, nos confíns de Siberia, é unha terra dura onde só sobreviven os máis fortes. Unha das tribos siberianas máis antigas, os chukchi, vive alí desde hai séculos. Desde a caída da URSS, tentan sobrevivir estrañando a sabedoría dos seus antepasados e a súa esperanza no futuro. Unha das últimas fontes de vida e tradición para os chukchi é a caza de baleas, cuxo destino tamén está ameazado.

# PROXECTO FILMar

Cinemateca Portuguesa



País: Portugal

Ano: 1913 – 1961

Duración: 66 min.

V.O.: portugués, inglés (subtítulos en galego)



## **Sinopse:**

*A almadraba atuneira* (1961), de António Campos

*Tin Sardines* (1935), de Leitão de Barros (probable)

*Pesca do bacalhau* (1931), de Films Sanmael

*A indúustria baleeira* (1932), de José César de Sá e António Antunes da Mata

*O naufrágio do 'Veronese'* (1913), de Invicta Films

O proxecto **FILMar**, da **Cinemateca Portuguesa – Museu do Cinema**, ten como obxectivo a identificación, preservación, dixitalización e promoción do patrimonio fílmico relacionado co mar. Desenvolvido desde 2020, no ámbito do programa europeo EEAGrants 2020 – 2024, ten contribuído a un coñecemento máis amplo da presenza do mar na historia do cinema portugués.

No programa especial concibido para a **Mostra Mares da Fin do Mundo**, escollemos títulos que reflicten o modo no que esa presenza se traduce en filmes institucionais, de promoción turística ou de desenvolvemento industrial, documentais onde a narrativa transforma a realidade ou documentos onde o cinema se compromete activamente coa memoria colectiva.

Os cinco filmes presentados dan conta da diversidade de métodos de captura, preservación e tratamento da pesca, reflexionando sobre a forma na que este oficio foi sempre unha práctica social e comunitaria, e en moitos casos un motor de resistencia fronte ás violentas e inxustas condicións de traballo dos pescadores e das súas comunidades. A través destes filmes, entendemos como o país se foi deseñando a partir dunha proxección, en moitos casos ideolóxica e política, en paralelo a un desenvolvemento social e económico do cal é aínda herdeiro. Os filmes son, no seu conxunto, e ao mesmo tempo, exemplos documentados sobre un tempo vivido e legado, e ficcións narrativas que impoñen verdades non sempre completas.

Especialmente, para esta sesión, integramos un dos primeiros documentos históricos da pioneira Invicta Films, que en 1913 rexistrou o naufraxio do navío Veronese, que saíra do porto de Vigo, nunha fría noite de xaneiro, para encallar na costa portuguesa. A exemplaridade do proceso de rescate dos máis de 200 pasaxeiros converteuse, grazas ao filme, nun modelo que perduraría nas décadas seguintes. O cinema tamén pode salvar.

**FILMar** é un proxecto coordinado pola **Cinemateca Portuguesa – Museu do Cinema**, no ámbito do programa EEAGrants 2020 – 2024.

Cinemateca Portuguesa

# ENTRE REDES

Vanessa Martínez



País: España (Galicia)

Ano: 2023


Duración: 10 min.

V.O.: galego

## **Sinopse:**

Devolver ao mar unha nécora ovada, agardar a que o polbo chegue ao quilo, non capturar lumbrigantes fóra de tempada ou visibilizar o relevo xeracional son algunhas das mensaxes que nos achegan nos seus vídeos María Maceiras, Merce Silva e Rogelio Santos Queiruga. Os tres divulgadores da Ría de Muros e Noia amósannos o que é un día nas súas vidas, un día de traballo entre nasas, rastros e anzois, un día de traballo entre TikTok, Instagram e Facebook, o que é, un día entre redes.

# ACTIVIDADES PARALELAS



## NAVEGACIÓN TRADICIONAL E INCLUSIVA

*Mércores 1 – Venres 3, 12:00 h*

*Domingo 5, 10:00 h*

**Asociación Balandro Joaquín Vieta, Asociación Terra de Outes,  
Asociación ADECO-DEA**

## INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA

*Mércores 1, 17:00 h*

**2222: o ano da serpe**

## DIRECTO E GRAVACIÓN PROGRAMA DE RADIO

*Xoves 2, 12:00 h*

**Mar de Ardora (Radio Galega)**

## MESA PROXECTA

*Venres 3, 10:00 h*

**A sostibilidade nos festivais de cinema no rural**

## COLOQUIO

*Sábado 4, 10:00 h*

**Crónicas do mar**

## DEMOSTRACIÓN GASTRONÓMICA

*Domingo 5, 12:00 h*

**Asociación de Hostalaría Ría da Estrela e Azul de Portosín**

# NAVEGACIÓN TRADICIONAL E INCLUSIVA



*Saídas nas embarcacións tradicionais das Asociacións Balandro Joaquín Vieta e Terra de Outes, e no vehículo adaptado da Asociación ADECO-DEA*

A carpintaría de ribeira foi historicamente unha actividade clave en Outes, e seguen existindo no territorio múltiples exemplos vivos da mesma. Embarcacións que noutrora foron empregadas para o transporte de mercadorías ou a pesca de baixura continúan a súa viaxe grazas a asociacións locais que velan pola súa preservación.





*Saídas nas embarcacións tradicionais das Asociacións Balandro Joaquín Vieta e Terra de Outes, e no vehículo adaptado da Asociación ADECO-DEA*

Ademais de percorrer o litoral da Ría de Muros e Noia a bordo de embarcacións de madeira, achegárase a navegación a persoas con diversidade funcional.

Prazas Joaquín Vieta: 12

Prazas Terra de Outes: 12

Prazas navegación inclusiva: 8

*\*A saída no Joaquín Vieta ten un prezo de 15 € por persoa.*

# EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA

## 2222: o ano da serpe



O fotógrafo **Antonio Nodar** (Baíñas, 1954) trasládanos ao futuro que nos agarda co cambio climático. **2222: o ano da serpe** é un reflexo do futuro baseado en imaxes do presente. Fotografías actuais da Costa da Morte que nos contan un relato futurista do que ocorre e ocorrerá co cambio climático a través da nosa percepción da luz. Cambios na nosa contorna que apenas somos capaces de percibir, pero que mudarán irremediabilmente a visión da paisaxe que nos rodea.

Formada por 15 fotografías, estará dispoñible do 1 ao 30 de novembro na Casa da Cultura de Outes.

# DIRECTO E GRAVACIÓN PROGRAMA DE RADIO Mar de Ardora (Radio Galega)



Gravación en directo dun especial do programa da **Radio Galega Mar de Ardora**, conducido polo xornalista Xusto López Carril, que combina novas de actualidade sobre o mundo mariño con entrevistas e vivencias persoais.

Convidados: **Marcos Gallego** (director da Mostra), **Francisco Xosé Fernández Naval "Chisco"** (escritor e guionista), **Mercedes Silva "Totakeki"** (mariscadora e divulgadora) e **Alba Quintela** (concelleira de Outes).

# MESA PROXECTA

## A sostibilidade nos festivais de cinema no rural



O incremento das temperaturas, a suba dos niveis de gases de efecto invernadoiro ou o aumento do nivel das augas son exemplos do cambio climático e do quecemento global que tanto preocupa na sociedade actual. Os festivais de cinema tamén son partícipes desta preocupación e, cada vez con máis frecuencia, poñen en funcionamento medidas para avaliar estes impactos e reducilos.

Con esta temática celebrarase un interesante faladoiro moderado por **Marcos Gallego** (director da Mostra), ao que acompañarán: **Adela Lestón** (mariscadora e presidenta da Asociación de Mulleres do Sector Pesqueiro SEO Fisterra-Ría de Muros Noia), **Antonio Rodríguez** (comunicación MDFDM), **María Baqueiro** (coordinadora do Pacto Cultura Sustentable de Galicia) e **Arancha Estévez** (xornalista especialista en sustentabilidade).

# COLOQUIO

## Crónicas do mar



Os libros, o cinema e o mar uniranse cun eixo central: a relación dos humanos cos mamíferos mariños no litoral galego.

As *Crónicas do mar* farán un percorrido polos aspectos máis salientables da relación dos pobos costeiros cos grandes cetáceos. Abordaranse temas como a última baleeira en funcionamento de Galicia, a factoría Caneliñas (Cee), ou os recentes episodios de comportamentos estraños de candorcas próximas ás costas galegas.

Acompañando a **Marcos Gallego** (director da Mostra), estarán: **Francisco Xosé Fernández Naval "Chisco"** (escritor e guionista), **Xosé Iglesias** (mariñeiro, artista e poeta), **Niels Einarsson** (antropólogo) e **Paula Castiñeira Iglesias** (xornalista e cineasta).

A actividade terá lugar no Espazo Museístico da Carpintaría de Ribeira "Estaleiro de Ciprián" (se a climatoloxía é desfavorable, trasladarase ao Centro Náutico do Freixo).

# DEGUSTACIÓN GASTRONÓMICA



A **Asociación de Hostalaría Ría da Estrela** e a marca **Azul de Portosín** ofrecerán unha emocionante experiencia para os sentidos onde os produtos de proximidade serán os protagonistas.

Unha representación dos restauradores membros da **Asociación de Hostalaría Ría da Estrela**, a Ría de Muros e Noia, será a encargada de elaborar varios pratos en directo. A base principal da degustación será o peixe azul procedente da frota de cerco co selo **Azul de Portosín**, que acredita a calidade e frescura do produto.

# ORGANIZACIÓN

Dirección e produción: **Marcos Gallego**

Programación: **Jesús Silva, Marcos Gallego**

Comunicación: **Antonio Rodríguez**

Redes sociais: **Yolanda Muelas**

Vídeo e proxeccións: **Raquel Enríquez**

Deseño gráfico: **José María Picón**

Cobertura audiovisual: **Vanessa Martínez**

Mantemento web: **Rubén da Silva, Noelia Núñez**

Sonorización: **Luis Aceituno**

Téc. de Cultura e Mocidade (Concello de Outes): **Santiago Nieto**

Téc. de Turismo (Concello de Outes): **Ignacio Fernández**

Téc. de Emprego e ADL (Concello de Outes): **Carlos Rodríguez**

## ORGANIZADOR:



ASOCIACIÓN CULTURAL  
MARES DA FIN  
DO MUNDO

## PATROCINADORES:



Deputación  
DA CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA



CONCELLO  
DE OUTES

en Outes!

## FESTIVAL COLABORADOR:



## COLABORAN:



REPÚBLICA  
PORTUGUESA  
CULTURA



CINEMATECA PORTUGUESA  
MUSEU DO CINEMA, I.P.

Iceland  
Liechtenstein  
Norway grants

## Mares da Fin do Mundo forma parte de



Coordinadora galega de festivais de  
cinema integrada na Federación Estatal  
de Coordinadores de Festivais de Cine e  
Contidos Audiovisuais PANTALLA



ABA FILMS



ozono

OUTES  
MOTOR

\*\*\*  
HOSTALARÍA  
rúa da estrela

G  
RADIO GALEGA

CEP PLURLINGÜE DE  
OUTES

CM  
culturmar  
Universidade Galega para a Cultura  
Música e Espazo

ADISBISMUR  
Asociación de Discapacitados do  
Barro de Muras

Casa de Roque  
Turismo rural de Galicia



ADECO-DEA

DOARTESANATO

a'creba  
asociación sociocultural  
orientada ao terceiro sector

ZERRA de  
OUTES



FEDERACIÓN NACIONAL  
COFRADÍAS DE PESCADORES

fresco  
y del mar.com

Misela  
ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD  
EN COMPARTE DE OÙTES E PRINCE

Liñón

[www.MARES](http://www.MARES)  
DA FIN DO MUNDO .gal